

activa

PROGRAMA DE FORMACIÓN TEATRAL
PARA PROFESIONAIS

A ARTE DO ACTOR E O PROCESO CREATIVO:

Os Viewpoints e a Técnica de Composición

POR ÓSCAR CODESIDO

19, 20, 21, 26 e 27 de xaneiro de 2011

DO MONÓLOGO AO DIÁLOGO

POR ALBERTO ROMERO E OLGA MAGAÑA

Do 28 de marzo ao 1 de abril de 2011

**DA INTERPRETACIÓN TEATRAL
Á INTERPRETACIÓN PARA CÁMARA**

POR MARIANA CARBALLAL

Do 7 ao 10 de febreiro de 2011

OBXECTO, ESPAZO, ACCION

POR JOSE LUIS RAYMOND

Do 11 ao 16 de abril de 2011

CURSO DE INTERPRETACIÓN

POR JOHN STRASBERG

Do 21 de febreiro ao 4 de marzo de 2011

A EXPRESIÓN DO CLOWN

POR MICHELE DALLAIRE

Do 27 abril ao 1 maio de 2011

TEATRO EN ESPAZOS ALTERNATIVOS

POR ALBERTO ROMERO

Do 14 ao 17 de marzo de 2011

Á VOZ NA EXPRESIÓN TEATRAL

**POR SANTIAGO FERNÁNDEZ
E MANUEL LORENZO**

Do 9 ao 12 de maio de 2011



INSCRIPCIÓN:

www.servinova.com

902 504 500 e billeteira praza de Ourense



DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

A CORUÑA CULTURA

tamén é
cousa túa



Concello da Coruña
Concellería de Cultura

ACTÚA: Programa de Formación Teatral para Profesionais

1.- A ARTE DO ACTOR E O PROCESO CREATIVO: Os Viewpoints e a Técnica de Composición

Por **ÓSCAR CODESIDO**, profesor de Interpretación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia .

Participantes: de 8 a 12

Datas: 19, 20, 21, 26 e 27 de xaneiro

Horario: de 17 a 21 h.

Inscripción: 30,00 €

Programa: O obxectivo desta proposta é compartir cos compañeiros da profesión a formación recibida e os coñecementos adquiridos sobre diferentes aspectos do traballo actoral con destacados profesionais do panorama internacional e englobar diferentes procedementos técnicos da arte e a súa vinculación directa co acto creativo, desexando que sexa de grande utilidade e abra camiños e novos puntos de vista tanto a consolidadas coma a novas xeracións de actores e actrices.

O programa de traballo centrarase no traballo sobre diferentes elementos imprescindibles para a creación escénica que esencialmente se basean no Tempo Dramático: tempo, duración, repetición e resposta escénica e o Espazo Dramático: forma corporal, xesto, Relación Espacial, Arquitectura e Topografía Escénica.

Abordásense tamén diferentes procedementos sobre o asunto compositivo en relación tanto á elaboración da partitura de accións físicas, coma á creación do itinerario da atención do espectador.

Dende un punto de vista máis individualizado trataranse aspectos como:

- A estrutura da acción e o seu desenvolvemento fóra do corpo humano.
- As estruturas da composición
- O traballo sobre o centro
- Desenvolvemento da atención e a percepción

2.- DA INTERPRETACIÓN TEATRAL Á INTERPRETACIÓN PARA CÁMARA

Por **MARIANA CARBALLAL**, profesora de Interpretación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e profesora de Dirección e Interpretación en Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo

Participantes: de 8 a 12

Datas: do 7 ao 10 de febreiro

Horario: 16 a 21 h. (20 horas)

Inscripción: 30,00 €

Programa: O tránsito dende o teatro ao audiovisual pasa por coñecer e recoñecer as características e técnicas específicas que requiren ambos medios, para poder cruzar a ponte dun ámbito ao outro aproveitando ao máximo as posibilidades que ofrecen.

Por iso, partindo das técnicas teatrais en canto á utilización psicofísica destas polo actor ou actriz, descubriremos as similitudes e diferenzas da súa utilización na interpretación ante a cámara.

Así elementos que inflúen en ambos campos:

- Simultaneidade
- Continuidade
- Voz e o texto
- Movemento e o corpo
- A liña de enerxía
- A escoita activa
- A memorización
- Do estímulo a reacción
- O arco da personaxe

Serán revisados a través de exercicios prácticos (secuencias cinematográficas e de TV), para ofrecer aos participantes recursos e técnicas que lles permitan acadar óptimos resultados na interpretación ante a cámara.

3.- CURSO DE INTERPRETACIÓN

Por **JOHN STRASBERG**, director teatral creador do Proceso Creativo Orgánico para o traballo de interpretación

Lugar: Teatro do Andamio

Datas: do 21 de febreiro ao 4 de marzo

Horario: luns a venres, de 10 a 15 h.

Participantes: 24 + 6 oíntes

Datas: do 21 de febreiro ao 4 de marzo.

Horario: luns a venres, de 10 a 15 h. (30 horas)

Inscripción: 300,00 €

Programa: Traballo sobre unha escena escollida por cada alumno ou grupos de alumnos coas seguintes premisas:

- 1.- Una vez feita a inscrición condicional a organización poñerase en contacto coas persoas interesadas para solicitarlles o seu curriculum e a escena ou escenas que queiran traballar para formar un grupo cohesionado. As persoas que queden fóra do grupo poderán asistir como oíntes.
- 2.- Cada alumno/a trae a escena coa que vai traballar, estudada de memoria e analizada.
- 3.- Nos casos en que varios alumnos traballen xuntos unha mesma escena, dedicaráselles un tempo maior.

4.- O TEATRO EN ESPAZOS ALTERNATIVOS

Por **ALBERTO ROMERO**, técnico de produción e xestión teatral e director de actores

Participantes: de 8 a 14

Datas: do 14 ao 17 de marzo.

Horario: 16 a 21 h. (20 horas)

Inscripción: 30,00 €

Programa: O feito escénico é esencialmente espacial e espectacular. Sucede nun espazo e é percibido por un público.

Por iso, as características que configuren o espazo no que transcorra a acción así como a distribución e posición do público determina de forma clara a utilización de técnicas concretas que posibiliten a comunicación precisa do intérprete co espectador.

Dende esta perspectiva este taller aborda técnicas aplicadas á creación teatral en espazos pechados ou abertos non convencionais, con público expectante ou improvisado, quieto ou en movemento, traballando de modo diferencial aqueles elementos técnicos que o actor e a actriz manexan no seu quefacer interpretativo: expresión, movemento, enerxía, proxección... en consideración a diversos ámbitos escénicos máis alá do clásico escenario á italiana.

5.- DO MONÓLOGO AO DIÁLOGO

Por **ALBERTO ROMERO**, técnico de produción e xestión teatral e director de actores, e **OLGA MAGAÑA**, profesora de Interpretación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Participantes: de 8 a 14

Datas: do 28 de marzo ao 1 de abril

Horario: de 16 a 21 h. (25 horas)

Inscripción: 35,00 €

Programa: Este curso, dirixido a profesionais do teatro, aborda e afonda diversas técnicas de investigación e expresión co obxectivo de servir de utilidade no traballo de creación de actores e actrices á hora de enfrontarse a un monólogo dende os seus diversos formatos, así como a aplicación, desenvolvemento e concreción das devanditas técnicas en escenas dialogadas.

En virtude das características peculiares que configuran o interlocutor escénico (público, personaxe presente, ausente, real ou virtual) abordaranse tratamentos específicos do ritmo, a cadencia, o movemento e o espazo discorrendo do texto á escena, da acción á palabra... do monólogo ao diálogo.

Direccionalidade, técnica e a combinación dos diferentes rexistros posibilitaranos transmitir organicamente o discurso interpretativo

6.- OBXECTO, ESPAZO , ACCION

Por **JOSE LUIS RAYMOND**, profesor titular de Espazo Escénico na RESAD

Participantes: de 8 a 12

Datas: do 11 ao 16 de abril

Horario: de 9 a 14 h. ou de 16 a 21 h. ou repartido entre mañá e tarde (30 horas)

Inscripción: 40,00 €

Programa: Este curso está destinado a actores, actrices ou artistas plásticos que queiran traballar cos conceptos espaciais contemporáneos, así como cos elementos e materiais que xorden das dramaturxias visuais. con estes obxectivos:

- Coñecer a acción teatral a través do obxecto como desenvolvemento visual, conceptual e estético de situacións que pasan pola abstracción , a narración e o simbolismo.
- Creación de espazos persoais, onde os apéndices corporais forman parte da prolongación da personalidade artística e visual. Tadeus Kantor, coas súas mochilas e apéndices corpóreos.
- Utilización do obxecto cotián como desenvolvemento creativo na arte contemporánea

En cada sesión, traballarase durante as 3 primeiras horas coa plasticidade espacial, onde o alumnado manipulará un espazo a escuras e en cada sesión se engadirá un punto de luz, para desenvolver e investigar o espazo dende o baleiro. As outras 2 horas, traballarase con materiais para a creación e incorporación ao espazo, de obxectos escultóricos cos que teñen que crear unha dramaturxia obxectual.

A teoría vén dada dende a práctica e será acompañada de material visual que corresponda, tanto na primeira coma na segunda parte da clase.

7.- A EXPRESIÓN DO CLOWN

Por **MICHELE DALLAIRE**, mestre de Clown no Hangar des Mines en Francia está considerado como unha das figuras máis representativas e valoradas do clown contemporáneo

Lugar: Asociación Manicómicos

Datas: do 27 abril ao 1 maio

Horario: de 10.30 a 14 e de 16 a 19 h.

Participantes: 18 (+ 10 oíntes)

Datas: do 27 abril ao 1 maio

Horario: de 10.30 a 14 h. e de 16 a 19 h. (32,5 horas)

Inscripción participantes activos: 150.00 €

Inscripción participantes oíntes: 75.00 €

Programa: Desenvolver e fixar a arte da autoescoita e o control do fluxo de enerxía en escena con un mesmo e co público tendo en conta a técnica do Clown.

Os temas que se van tratar son:

- a personaxe a través do corpo: dissociacións, silueta, pesos, expresividade, transferencias de enerxía, xeitos de camiñar e comportarse, ritmo, marcas, actitudes físicas, tics...
- o xogo escénico e as técnicas de actuación: a relación co público, a urxencia, o ritmo, o gag, a sorpresa, a reactivación, a escoita, o espazo...
- a construción: a entrada a escena, o pretexto, a reacción, a graduación das emocións, o tempo do público, o risco, as bromas, o fracaso, a saída...

8.- A VOZ NA EXPRESIÓN TEATRAL

Por **SANTIAGO FERNÁNDEZ**, actor e escritor, e **MANUEL LOURENZO**, actor, dramaturgo e director teatral.

Participantes: de 10 a 15

Datas: do 9 ao 12 de maio

Horario: 16 a 19 h. (12 horas)

Inscripción: 15.00 €

Programa: Do estudo da voz do actor –un dos eixes da expresión teatral- á súa implicación na personaxe, eixe da acción escénica.

1. A voz do actor
 - Respiración
 - Relaxación e movemento.
 - O arco vocálico. Orixe dos sons.
 - Os ritmos. Acentos, pausas, minoración, etc.
 - Exercicios prácticos: lectura, improvisación.
2. A voz da personaxe
 - Da voz do actor á voz da personaxe.
 - A personaxe. Contexto e características: época-momento, tempo-situación, psicoloxía, episodio-conflito.
 - Exemplos prácticos.

INSCRICIÓNS: www.servinova.com – 902 504 500 –
billeteira da praza de Ourense.

Notas:

1.- Inscripción condicional. Obradoiros dirixidos a profesionais. As persoas inscritas recibirán unha ficha para cubrir datos relativos á súa formación e experiencia.

2.- Coa confirmación da inscrición no curso enviarase o enderezo do espazo no que vai ter lugar.